Expte. 4704/2026

BASES DE PARTICIPACIÓN
VI FEIRA DA CERVEXA DE VERÍN

Datos do Evento

Data: 10 e 11 de outubro de 2026
Localización: Recinto do Parque da Preguiza
Horario de Funcionamento:
Sábado 10 de outubro en horario de 18:00 a 02:00
Domingo 11 de outubro en horario de 18.00 a 02:00

Requisitos dos participantes

Cervexa:
Poderán participar no evento distribuidores nacionais e internacionais de cervexas.

Alimentación:
Poderán participar no evento establecementos do sector da alimentación e da restauración, así como foodtrucks con propostas axeitadas a este tipo de feira sectorial (salchichas, codillo, chucrut,...) ademais das propostas gastronómicas locais de produtos da terra que poidan acompañar (polvo, empanada, churrasco, hamburguesas, vegana, e similares).

A organización está aberta a propostas para poder valorar as candidaturas que queiran participar na feira.

Custo da participación para os dous días :

INTERIOR:

***Alimentación**: 100 € por participante (Espazo de 2,5 metros lineais) en Jaima compartida de tamaño 5x5 anexa a carpa.

***Distribuidores de Cervexa:** 40 €/ml por participante según as medidas solicitadas na folla de solicitude. Espazo asignado dentro da carpa do recinto feiral.

EXTERIOR:

***Foodtrucks**: 9,32 €/m2 os dous días por participante. (en base a ordenanza municipal de Ocupación de Vía Pública). Espazo asignado pola organización no exterior do recinto feiral do Parque da Preguiza.

Formalización das Candidaturas:

As candidaturas deberán ser formalizadas con data límite o **21 de setembro de 2026.**
O prazo poderá ampliarse ata cubrir os espazos dispoñibles para o evento.

Requisitos:

- Dispor do carné de manipulador de alimentos
- Os solicitantes deberán estar dados de alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe correspondente á actividade que se desenvolva.
- Así mesmo, deberán estar dados de alta na Seguridade Social, no réxime correspondente.
- Deben estar ao corrente do pago das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e no correspondente réxime sanitario, no seu caso.
- Dispor do seguro de responsabilidade civil preciso para realizar a súa actividade e estar ao día no pago da prima.

Documentación que deberán achegar xunto coa **solicitude**:

- **Carné** de manipulador de alimentos
- **Alta no Imposto de Actividades Económicas**, no epígrafe correspondente a actividade que se desenvolva.
- **Alta na Seguridade Social,** no réxime correspondente: Último recibo de autónomos (pagado)
- Certificados de estar ao corrente coa Seguridade social, coas obrigas tributarias coa AEAT e coa ATRIGA (últimos tres meses)
- **Declaración Responsable** de estar ao corrente do pago nas súas obrigas fiscais (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- **Seguro de responsabilidade civil e xustificante de pago da prima do seguro actualizado**
- No caso de ser admitido**, xustificante de pago.**
- De ser o caso, acreditación de estar no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (REGASA), ou equivalente.

A presentación das solicitudes farase por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Verín: https://verin.sedeelectronica.gal, de acordo co establecido na normativa reguladora da Administración electrónica. Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos, incluído o sistema de usuario e clave Chave-365, DNI electrónico ou certificado electrónico en vigor.
Para maior información podes acceder ao portal de Firma electrónica (https//firmaelectronica.gob.es/).
Firme a solicitude/formulario e a documentación que quere entregar. Pode facelo cun certificado electrónico utilizando a aplicación Autofirma ou, se utilizar Chave365, coa clave de firma que recibirá no seu móvil.

As **inscricións** que se queiran realizar e estean fóra de prazo deberán ser consultadas previamente coa organización para revisar a dispoñibilidade dos espazos.

A organización poderá rexeitar as candidaturas que non se atopen no ámbito do evento.

Selección de participantes

Realízase e**n función do sector da actividade e dos produtos e propostas** dos solicitantes, priorizando a variedade de produto e a temática da feira.

Lista de Agarda

En caso de ter máis solicitudes que número de espazos asignados aos expositores/as, formarase unha lista de agarda dando prioridade a variedade de produto e a temática da feira.

Efectividade da Solicitude

Unha vez notificadas as solicitudes que son aceptadas, concédese un prazo de pago de 3 días hábiles.

Formas de pagamento:

- En efectivo (ingreso na Tesourería do Concello de Verín – planta baixa)
- Por transferencia bancaria a través da conta bancaria indicada na notificación de aceptación

No concepto deberá figurar: **VI FEIRA DA CERVEXA DE VERÍN 2026** e o Nome do Participante/Stand.

Unha vez realizado o pagamento, deberá remitir á organización o xustificante ao correo electrónico: adl@verin.gal.

Distribución

A asignación e localización dos espazos é responsabilidade da organización.

Os participantes da cervexa son distribuídos dentro da carpa.
O sector da alimentación pode compartir jaimas de tamaño 5x5, anexas a carpa principal, en caso excepcional de necesitar máis espazo deberá ser posto en coñecemento da organización para coordinar espazos.

As foodtrucks son distribuidas no exterior do recinto feiral no lugar que se lles indique.

Utensilios

O servizo de presentación da cervexa será realizada preferentemente usando as **xarras** propias do evento, que se porán a venda pola organización.

Para a restauración recoméndase a utilización de utensilios respectuosos co medio ambiente: material biodegradable.

Limpeza e Seguridade Stand

A limpeza e seguridade do stand asignado é responsabilidade dos/das ocupantes.

Está prohibido expór materiais fóra dos espazos respectivos do propio stand. Evitando entorpecer os corredores, debendo quedar libres en todo momento para non impedir a circulación libre dos/das visitantes.

Seguridade Recinto

Durante o peche do recinto feiral (de noite e mediodía) haberá seguridade privada.

Mercadorías

A carga e descarga da mercadoría exposta nos espazos asignados deberá realizarse nas primeiras horas de apertura da carpa.

A reposición de mercadoría, durante o horario de funcionamento do evento, deberá ser comunicada a organización para a correspondente autorización.

É obrigatoria a presenza dunha persoa no respectivo espazo, 5 minutos antes da hora de apertura e ata a hora de peche.

Non está permitida a venda de alimentos nos stands das cervexas. Así como a venda de bebidas nos stands de alimentación.

Consideracións Finais

O participante comprométese a participar durante os dous días de feira, así como durante toda a xornada nos horarios indicados.

Os/As participantes quedan obrigados/as a cumprir as normas de carga e descarga.

Coa sinatura da folla de inscrición implica a aceptación de tódalas cláusulas destas condicións de participación e que se cumpren os requisitos de participación.

A organización non se responsabiliza dos danos ou desaparición de obxectos dos espazos asignados durante o horario de funcionamento do evento.

A organización declina calquera responsabilidade ante o incumprimento das condicións de participación e resérvase o dereito de tomar as medidas oportunas en caso de incumprimento dalgunha das condicións de participación.

A organización non asume ningunha responsabilidade en canto ao cumprimento de tódalas obrigas derivadas da actividade propia dos participantes (seguro de responsabilidade civil, normativa de sanidade, pago das cotas da Seguridade Social, Facenda, etc...).

As noites báixanse os automáticos da luz, polo cal, calquera información a maiores que deba estar en coñecemento da organización, prégase que se faga saber.

Cancelación e Devolución de Importe

A cancelación da participación por parte do expositor deberá ser presentada por escrito.
Non se devolverá o importe pagado a falta de 72 horas para a celebración do evento.

Datos de Contacto da organización do evento:

CONCELLO DE VERÍN
Praza do Concello, nº 1, Verín
Tlf. 988 410 000
Concellaría de Feiras: Manuel Lorenzo Feijóo 691.57.52.25
Oficina de Desenvolvemento Local (Aedl)
Mail: adl@verin.gal

Por motivos de protección de datos de carácter persoal infórmase aos participantes que coa súa firma na folla de inscrición, os seus datos serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión Municipal do Programas de Promoción Económica, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin de xestionar o devandito servizo, si desexa acadar máis información do tratamento de datos, pode consultar http://verin.sedelectronica.gal/privacy.0 *Vde. tamén ten dereito, a: obter confirmación de se estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar limitacións deste, para isto pode dirixir solicitude a este Responsable de Tratamento no seguinte enderezo: Praza. do Concello, 1 VERÍN (32600) (Ourense), tamén por vía mail* secretaria@verin.gal*. As solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.*